



Comunicado nº 176/17
29 de agosto de 2017

ADQUISICIÓN NOVOS EQUIPOS.

A Federación Galega de Automobilismo ven de mercar cinco pantallas de saídas, modelo "Tag Heuer Start Clock HL 930", con GPS para as modalidades de Montaña, RallyMix, Slalom, Drift, Comodín1 e Comodín 2 para test, tandas, ou seleccións de pilotos en circuíto.

Así cúbrese un oco, no eido dos equipos, e ampliáanse as pantallas da especialidade de rallyes ata un total de 14 modelo "Tag Heuer HL 920".

A Federación Galega de Automobilismo está a cabeza de dalos servizos, a custo reducido, para tódalas modalidades do automobilismo deportivo e de ocio; así como de vehículos de Rescate, Autobús e Microbús, para conometraxe, transmisións, dirección de proba, e sala de comisarios deportivos para as especialidades de rallymix, montaña, autocross, e karting. Co esforzo de todos, siareiros, organizadores, deportistas, e directivos federativos seguiremos crescendo e sendo o referente a copiar e seguir na Península Ibérica.

VEHÍCULOS "0" E "00".

A partir da data de publicación deste comunicado tódolos organizadores de rallyes, rallymix, montaña, e probas que utilicen vehículos de peche e apertura de treitos ou circuítos terán que aportar un certificado, expedido polo secretario da Escudería co Vº.Bº. do Presidente, da aceptación de responsabilidades do organizador das actuacións dos vehículos ("0" e "00"), da capacitación e das licencias (CD1ª) acreditativas dos mesmos.

Para velo modelo de certificado pinchar enriba.

TRANSMISIÓN.

A Federación Galega de Automobilismo ven de mercar novos equipos de transmisións, en dous metros, para pasalos tempos de meta a stop, para rallyes de asfalto, seis unidades da marca ICOM IC-P15. Tamén para as especialidades de rallymix e montaña mercáronse oito ICOM IC-P15 que se conectan coa emisora base, de dirección de treito, no autobús da Federación Galega de Automobilismo.

